



IES DE PORTO DO SON

As Laxes 18- Porto do Son | Tfno. 881866707 | www.ieson.gal

INFORMACIÓN MATRÍCULA CM ACTIVIDADES FÍSICO-DEPORTIVAS NO MEDIO NATURAL

- Os módulos que compoñen o ciclo e a súa duración son os seguintes:

MODULO	HORAS
Desprazamento, estadia e seguridade no medio terrestre	11 h / semana
Condución de grupos a cabalo e coidados equinos básicos	8 h / semana
Condución de grupos en bicicleta	5 h / semana
Fundamentos biolóxicos, saúde e primeiros auxilios	3 h / semana
Actividade física para persoas con discapacidade	2 h / semana
Dinámica de grupos	2 h / semana
Administración, xestión e comercialización na pequena empresa	3 h / semana
Formación e orientación laboral	2 h / semana
Formación en centros de traballo (FCT)	2 meses y medio

- O horario é de luns a venres de 8:20 a 14:00 e 2 tardes.
- O ciclo consta de **2 cursos** académicos:
 - ➔ **1º curso:** no que se imparten os **8 primeiros módulos** da taboa anterior.
 - ➔ **2º curso:** corresponde ó último módulo, “Formación en centros de traballo” (FCT), onde se realizan as **prácticas en empresas de turismo activo**, podendo adiantarse ó período de verán.
- O contido dos tres primeiros módulos esixe un **boa condición física previa**, e non padecer ningunha enfermidade que impida a realización de actividades físicas de media/alta intensidade.
- No módulo de “**Condución de grupos en bicicleta**” é necesario ter un **manexo básico** da mesma ó inicio do curso.
- O resto dos módulos (coa excepción da FCT) teñen un contido esencialmente **teórico**. Os tres primeiros módulos teñen tamen parte de contidos teóricos ademais de prácticos.
- O módulo “**Condución de grupos a cabalo** e coidados equinos básicos” impátese no **Centro Hípico de Montemuíño**, onde o alumnado deberá acudir dúas tardes á semana polos seus propios medios.
- A **asistencia é obrigatoria**. O/a alumno/a perderá o **dereito á avaliación continua** nun módulo, cando o número de faltas sobre pase o 10% das horas totais dese módulo.
- Os/as alumnos/as deben participar en actividades **fora do centro** e mesmo **fora do horario lectivo habitual**, incluída a pernocta, dado que son programadas polos profesores dos módulos correspondentes.
- Existe un **material individual obrigatorio** para o desenvolvemento dos contidos prácticos que o alumnado terá que ter e levar a clase (botas de montar a cabalo, culotte, casco de bici, botas de montaña, compás, mochila, mapa...).
- A titulación que se adquire con este ciclo é a de “Técnico en Condución de Grupos no Medio Natural”, sendo a súa **competencia** xeral a de:

“Conducir clientes en condicións de seguridade por sendeiros ou zonas de montaña (onde non se precise técnicas de escalada e alpinismo) a pe, en bicicleta ou a cabalo, conseguindo a satisfacción dos usuarios e un nivel de calidade nos límites de coste previstos.”

Polo que para acadar esta competencia, é necesario recalcar a importancia de ter unha **actitude positiva** de cara ó **traballo cas persoas** e de relación social.
- O ámbito de traballo será o **medio natural** (nin ximnasia, nin piscinas, nin dirixindo actividades deportivas como fútbol, baloncesto...onde a titulación requirida sería a do Ciclo Superior de Actividades Físico-Deportivas).

A/O alumna/o

Asina **A SÚA CONFORMIDADE Á INFORMACIÓN**.